

**COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PREVENCIÓN DO INTRUSISMO
DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA
CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG Nº 266 (Xuño 2017)**

As actuacións da Comisión da Defensa da Profesión que, no seus comezos, centraron os seus esforzos e atencións nos labores de loita contra o intrusismo, como elemento e medio de garantir un servizo de calidade á sociedade galega, van estendendo o seu campo á cooperación con profesións que inciden de xeito determinante na vida, opinións e condutas dos nosos conveciños e conveciñas. É o caso do Colexio Profesional de Xornalistas.

O labor desenvolvido polo Grupo de traballo de ambos os dous Colexios Profesionais deu como resultado:

- Seleccionar cinco temas de interese e repercusión públicos, nos que estes profesionais se atopan repetidamente concernidos
- Elaborar criterios de boa praxe deontolóxica para eses temas.
- Diseñar unha Xornada de presentación á Sociedade Galega do Decálogo relativo e pertinente.

Tal evento, pechado xa no seu deseño, terá efecto no próximo mes de Outubro, publicándose cando parecer doado.

Do mesmo xeito, avantan os contactos e confluencias dentro da Unión Profesional de Galicia, (UPdG).

Os Colexios integrantes están ocupados na organización dun evento de reflexión e análise de temas e intereses comúns:

- Lei de Servizos Profesionais
- Relacións con Asociacións de consumidores
- Servizos de Calidade
- Regulación das profesións e Competencia desleal
- Precariedade e subemprego

O programa, menos desenvolvido, cecais que o anterior, darase a coñecer oportunamente.

A COMISIÓN atendeu tamén as demandas e denuncias de intrusismo que, principalmente, os colexiadas, pero, tamén, xente do alén nos fan chegar. No ánimo da Comisión está sempre presente, por unha banda, actuar desde o máis exquisito respecto aos datos que corroboren a obxectividade da denuncia e por outra, salientalo fin derradeiro: A garantía do servizo de profesionais colexiadas, eficaz e respectuoso dos intereses dos nosos demandantes.

FINALMENTE,

A comisión manifesta a súa sorpresa perante determinadas noticias relativas a campos específicos de actuación profesional. Nuns casos, polas denominacións escollidas (psicoxerontoloxía,...) que poden propiciar a repetición de erros pasados (psicopedagogía), abrindo involuntariamente espazos a novas titulacións e, noutros, polo risco de amparar unha fragmentación excesiva das prácticas profesionais, desvirtuando a especialización mesma (sirvan como exemplo as acreditacións anunciadas polo Consello Xeral).

A Comisión considera que estas prácticas deben ser obxecto de reflexión estratéxica polos órganos colexiais para propiciar exclusivamente aquelas que resposten aos intereses globais de desenvolvemento científico-profesional da psicoloxía para o seu mellor servizo á sociedade.